

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 16 de xullo de 2024**

Con data dezaseis de xullo ano dous mil vinte e catro, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luís Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Teresa Barge Bello

D. César Manuel Fernández Gil

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventora:

D.^a María Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado provincial D. Plácido Álvarez Dobaño que escusa a súa ausencia.

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 3 DE XULLO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 3 de xullo de 2024.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 3 de xullo de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA O REPARTO DE USO DE ESPAZOS DO PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ”.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobación das Bases reguladoras para o reparto de uso de espazos do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é comunicar, a apertura do prazo de presentación de solicitudes de uso dos espazos deportivos do Pazo dos deportes “Paco Paz” durante a tempada deportiva 23/24, así como establecer a regulación da tramitación e resolución das mesmas.

SEGUNDA. TIPOS DE USO

1.- De conformidade co disposto no artigo 5, parágrafo sete, apartado cuarto, do Regulamento de organización, utilización e normas para usuarios do Pazo dos Deportes “Paco Paz” (BOP nº107 de data 11 de maio de 2023), existen os seguintes tipos de uso:

a) **Uso para toda a tempada deportiva** por parte das entidades deportivas con sede social na provincia de Ourense definidas polo artigo 41 da Lei do Deporte de Galicia, é dicir, clubs deportivos, agrupacións deportivas escolares, seccións deportivas, e as federacións deportivas. Tamén poderán solicitar este uso as Sociedades Anónimas Deportivas con sede social na provincia de Ourense.

b) **Uso puntual** por parte de entidades deportivas, federacións deportivas, centros escolares ou sociedades anónimas deportivas que se concerta directamente coas oficinas administrativas do Pazo dos Deportes. Neste tipo de uso, o espazo e horario de uso é o estritamente autorizado polo Servizo de Deportes, o cal determinará a hora de acceso e saída da pista.

c) **Uso durante a fin de semana** por parte de entidades deportivas, federacións deportivas ou sociedades anónimas deportivas para o deporte de competición federado.

TERCEIRA. SUXEITOS E REQUISITOS

1.- Poderán solicitar o uso para toda a tempada deportiva, dos espazos do Pazo dos Deportes “Paco Paz” os seguintes suxeitos:

- a. Entidades deportivas definidas polo artigo 41 da Lei do Deporte de Galicia: clubs deportivos, agrupacións deportivas escolares, seccións deportivas e federacións
- b. Sociedades Anónimas deportivas.

2.- Os suxeitos solicitantes do uso deberán cumprir os seguintes requisitos:

- ☐ Atoparse inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- ☐ Realizar actividades deportivas cuxo principal obxectivo é a participación e/ou consecución dun resultado deportivo en competición desenvoltas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola administración deportiva ou educativa.
- ☐ Estar en posesión dunha póliza de responsabilidade civil (RC) con vixencia durante o período de uso do espazo solicitado.
- ☐ Ter sede social na provincia de Ourense.
- ☐ Non ter debidas pendentes coa Deputación de Ourense.

3.- En todo caso, as persoas que fagan uso dos espazos cedidos deben estar vinculadas á entidade beneficiaria da cesión, ben mediante relación contractual ou estatutaria ou ben mediante licenza federativa. Así mesmo, deberán dispoñer da necesaria cobertura de asistencia sanitaria, ben mediante a correspondente licenza federativa ou a través de póliza de accidentes deportivos.

CUARTA. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

1.- Tanto o reparto de horas como o uso dos distintos espazos deportivos deberá realizarse respectando as bases reguladoras desta convocatoria, e en todo caso a normativa vixente que se reflicte a continuación:

- I. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- II. Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais.
- III. Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- IV. Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

- V. Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- VI. Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- VII. Ordenanza reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos deportes Paco Paz. (BOP nº 107, de data 11 de maio de 2023)
- VIII. Regulamento de organización, utilización e normas para usuarios do Pazo dos Deportes “Paco Paz”. (BOP nº 107, de data 11 de maio de 2023)

QUINTA. ESPAZOS DA INSTALACIÓN OFERTADOS

- 1.- Os espazos deportivos ofertados son os seguintes:
- a) Pavillón auxiliar (pista completa ou media pista)
 - b) Pavillón principal (pista completa ou media pista)
 - c) Tras rede en ambos fondos do pavillón principal
 - d) Salas de uso polivalente e corredoiros

SEXTA. HORARIOS DE USO DA INSTALACIÓN

- 1.- Como norma xeral, repartiranse horas entre as entidades solicitantes, de luns a venres entre aquelas horas que non estean reservadas polo Servizo de Deportes para o desenvolvemento do seu programa de actividades. Ao respecto deberase ter en conta que segundo o artigo 2 do Regulamento de organización, utilización e normas para usuarios do Pazo dos Deportes “Paco Paz, o Pazo dos Deportes Paco Paz permanecerá aberto ao público, todos os meses do ano, de luns a venres, de 6:45 a 23: 00 h, exceptuando o mes de agosto, que cerrará por tarefas de mantemento xeral da instalación.
- 2.- No Pazo dos Deportes “Paco Paz”, existen na actualidade horas dispoñibles que se poden ofertar para uso deportivo. Non obstante, ao longo do ano poderanse modificar as horas asignadas ás entidades beneficiarias da cesión, ben para dar cobertura a competición deportivas ou ben para a realización de eventos que se teñan que realizar nas instalacións.
- 3.- En todo caso, respectarase o dereito preferente da Deputación Provincial de Ourense no uso de todas as instalacións da súa propiedade.

SÉTIMA. ASIGNACIÓN DE HORAS E CRITERIOS DE BAREMACIÓN:

1.- Como norma xeral, todas as entidades deportivas con sede social ou delegación na provincia de Ourense terán dereito a solicitar o uso de espazos nesta instalación deportiva exceptuando aquelas entidades que practiquen actividades deportivas que polas súas características ou medios empregados, deterioren ou modifiquen gravemente o pavimento deportivo da instalación ou afecten o mantemento e durabilidade deste.

2.- En calquera caso, tratarase de asignar tantas horas como sexa posible dentro das solicitadas. O número de horas asignado poderá ser inferior ao solicitado. Así mesmo poderanse asignar horas fora das solicitadas pola entidade.

3.- No caso de que haxa dúas ou máis solicitudes coa mesma preferencia, é dicir, solicitando as mesmas horas e os mesmos días, intentarase conseguir a equidade no reparto de horas entre as entidades solicitantes, tendo en conta os seguintes criterios:

- a) Optimización do uso da instalación.
- b) Nivel da competición do equipo máis representativo da entidade.
- c) Número total de licenzas federativas.

Importante. As licenzas federativas que se terán en conta son as da última tempada deportiva, é dicir, as da tempada 2023-2024.

- d) Dispoñibilidade doutras instalación deportivas para os adestramentos e competicións.

4.- No suposto previsto no apartado terceiro desta Base e a vista da aplicación dos criterios expostos, o Servicio de Deportes poderá determinar a envergadura ou importancia das entidades solicitantes, entendendo que a maior envergadura e importancia precisa máis número de horas para adestramentos.

OITAVA. PROCEDEMENTO

1.- O procedemento para asignación de horas nos distintos espazos do Pazo dos Deportes “Paco Paz” pretende garantir o reparto máis equilibrado e equitativo posible, entre todas as entidades solicitantes. O procedemento será o determinado nos seguintes apartados:

- a) As entidades deberán solicitar os horarios que se axusten ás súas necesidades. A solicitude estará dispoñible para a súa descarga na páxina web do Servizo de Deportes, www.pazopacopaz.es, na sede electrónica da Deputación de Ourense <http://www.sede.depourense.es/> e no BOP de Ourense onde se publique a convocatoria destas Bases.

- b) As entidades poderán presentar as súas solicitudes a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, rematando o prazo de presentación o 5 de setembro de 2024
- c) As solicitudes presentaranse, de xeito telemático, no Rexistro Xeral da sede electrónica da Deputación de Ourense, <http://www.sede.depourense.es/>
- d) Xunto coa solicitude as entidades solicitantes do uso, deberán achegar a seguinte documentación:
- ☐ Declaración responsable da entidade relativa o feito de que dispón dunha póliza de responsabilidade civil (RC) actualizada ao período de uso solicitado na instalación.
 - ☐ Declaración responsable da entidade relativa ao feito de que todas as persoas vinculadas a mesma, dispoñen de licenza federativa ou da necesaria póliza de accidentes deportivos.
 - ☐ Declaración responsable da entidade relativa ao feito de que utiliza outras instalacións deportivas, propias ou cedidas de xeito gratuíto, ou que non dispón de instalacións para os adestramentos.

2.- Logo de finalizar o prazo de presentación de solicitudes, os técnicos do Servizo de Deportes realizarán un exame destas e tras os informes que sexan pertinentes, a Xunta de Goberno da Deputación de Ourense, resolverá definitivamente a convocatoria de uso dos espazo deportivos do Pazo dos deportes “Paco Paz” durante a tempada deportiva 24/25, publicándose a devandita resolución no BOP de Ourense, na páxina web do Servizo de Deportes www.pacopaz.es e na sede electrónica da Deputación de Ourense <http://www.sede.depourense.es/>

5.- A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse, dende a data da súa publicación, no prazo dun mes, o recurso potestativo de reposición, ou, no prazo de dous meses, o recurso contencioso administrativo

NOVENA. NORMAS E RÉXIME DOS USOS

- 1.- A Deputación de Ourense estará facultada para a modificación ou suspensión puntual dos usos adxudicados, sen que a entidade afectada teña dereito a ningunha compensación.

Para elo, o servizo de Deportes comunicarlle tal circunstancia á entidade, ao correo electrónico facilitado na súa solicitude, cunha antelación mínima de dous días e indicarlle o motivo de suspensión ou modificación.

- 2.- A distribución dos usos para adestramentos non faculta á entidade para poder realizar una competición deportiva dentro dos días e horarios asignados. No caso de que se teña que realizar unha competición deportiva deberá solicitar autorización, con antelación suficiente, ao Servizo de Deportes.
- 3.- Os usos concedidos estarán vixentes dende o día 1 de outubro de 2024 ata o 30 de xuño de 2025.
- 4.- Os adxudicatarios obriganse a utilizar as instalacións nos termos que lle foron concedidos. No caso de que non poidan utilizar as instalacións de forma temporal deberán comunicalo ao correo electrónico deportes@depourense.es, do Servizo de Deportes, o cal estará facultado para asignar libremente as horas que non se van a usar. Esta comunicación de ausencia temporal, deberá facerse cunha antelación mínima de 2 días. No caso de que a entidade beneficiaria non comunique a súa ausencia temporal e polo tanto, non faga uso dos espazos asignados, durante tres días dentro do período de uso concedido, considerarase que existe infrautilización da instalación, dando lugar a revogación da autorización de uso.
- 5.- O persoal do Servizo de Deportes levará un control exhaustivo do uso da instalación deportiva por parte das entidades que o teñen concedido.
- 6.- A entidade non poderá transferir total ou parcialmente a terceiros alleos á mesma, os usos concedidos nin desenvolver unha actividade distinta á que describiu na súa solicitude de participación na presente convocatoria, salvo que para isto último conte coa autorización expresa do Servizo de Deportes
- 7.- É obrigatorio a asistencia das persoas adestradoras, delegadas ou directivas, maiores de idade, durante o desenvolvemento do adestramento, uso das salas, ximnasios e no uso dos vestiarios. En ningún caso poderá delegarse en deportistas ou nunha terceira persoa.
- 8.- No suposto de que se produzan cambios ou calquera modificación nos datos da solicitude, as entidades terán que comunicalo ao correo electrónico do Servizo de Deportes, deportes@depourense.es.

- 9.- As entidades beneficiarias asumirán os danos que se ocasionen a terceiros ou aos propios bens da instalación deportiva, con motivo da devandita utilización da mesma.
- 10.- Ademais do previsto para os supostos de infrautilización, as entidades que teñan autorizado o uso dos distintos espazos deportivos da instalación, que incumpran calquera outras normas de uso previstas nestas Bases, serán obxecto do correspondente procedemento que poderá rematar co apercibimento ou revogación do uso autorizado.

DECIMA. RÉXIME DE PROTECCIÓN DE DATOS

- 1.- Os datos persoais facilitados polas persoas usuarias incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense, e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e coa Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e de garantía dos dereitos dixitais.
- 2.- A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigação legal e/ou o cumprimento dunha misión realizada en interese público. O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto.
- 3.- Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, s e é o caso, tras o consentimento previo da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación
- 4.- As persoas cuxos datos persoais sexan tratados por esta Administración poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a dpd@depourense.es.
- 5.- Así mesmo, os usuarios e usuarias tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

SEGUNDO. Publicar a convocatoria destas Bases reguladoras para o reparto de uso de espazos do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, no Boletín Oficial da Provincia, na páxina

web do Pazo dos Deportes, www.pazopacopaz.es, e na sede electrónica da Deputación de Ourense <http://www.sede.depourense.es/>

ANEXO I

SOLICITUDE DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ”

DATOS DA ENTIDADE		
DENOMINACIÓN SOCIAL	CIF	
DOMICILIO SOCIAL	CORREO ELECTRÓNICO	
DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE		
NOME, APELIDOS E NIF	MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
DATOS DA ACTIVIDADE DEPORTIVA		
Modalidade deportiva	Especialidade	Nº deportistas
ESPAZOS /DATAS/ HORARIOS SOLICITADOS		

PAVILLON PRINCIPAL
PAVILLON AUXILIAR
OUTRAS SALAS
OUTROS ESPAZOS

En Ourense, a ____ de _____ de 2024

Asdo. O / A representante da entidade.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
NOME DO CLUB	CIF
DATOS DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE	
NOME E APELIDOS	DNI/NIF

DECLARO:

Que a entidade que represento dispón de póliza de responsabilidade civil (RC), vixente e actualizada no período de uso solicitado

Que todas as persoas vinculadas coa entidade dispoñen de licenza federativa ou da necesaria póliza de accidentes deportivos.

E para que así conste, asino esta declaración en Ourense,

a _____ de _____ do 2024.

Asdo.:

(O representante da entidade)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
NOME DO CLUB	CIF
DATOS DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE	
NOME E APELIDOS	DNI/ NIF

DECLARO: (sinalar con X)

- ☐ NON dispoñer doutras instalacións para a práctica deportiva
- ☐ DISPOÑER doutras instalacións en réxime de aluguer
- ☐ DISPOÑER doutras instalacións propias ou cedidas gratuitamente

E para que así conste, asino esta declaración en Ourense,

a _____ de _____ do 2023.

Asdo.: _____

(O representante da entidade)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

3º.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A DEPORTISTAS OURENSÁNS CUALIFICADOS EN MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS DURANTE A TEMPORADA DEPORTIVA 2022-2023, CONVOCATORIA 2024.-

De conformidade coa proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º) Estimar a alegación presentada por Saúl Rodríguez Vega, pola seguinte motivación:

O alegante manifesta a súa disconformidade coa puntuación outorgada pola Comisión de Valoración (93 puntos), solicitando a súa revisión xa que indica que foi “campión de España na modalidade individual de augas bravas k1 sprint e sexto na modalidade clásica, ademais da convocatoria para o mundial de augas bravas coa selección española de piragüismo”

Unha vez revisada dita solicitude, advertiuse, efectivamente, que non se tivo en conta a participación coa selección española (30 puntos) e tamén lle corresponden 75 puntos máis na traxectoria nacional senior.

Polo tanto, procedeuse ao incremento da puntuación que lle corresponde, co resultado que se indica na parte dispositiva da presente proposta de resolución definitiva.

2º) Desestimar a alegación presentada por Iván Pacios Iglesias, pola seguinte motivación:

O alegante solicita a revisión nos apartados relativos aos campionatos galegos e nacionais, competicións relevantes, outros méritos e traxectoria do deportista.

Con respecto aos campionatos autonómicos e nacionais, indícase que únicamente se puntúa un campionato a nivel autonómico e nacional, con independencia do número de modalidades nas que participase o deportista.

Con respecto á participación en competicións relevantes, a Comisión de Valoración non considera relevantes os méritos aportados para incrementar a puntuación neste apartado.

No apartado de outros méritos, alega a xornada/concentración coa Selección , mérito que xa foi valorado no bloque correspondente.

No relativo á traxectoria do deportista, indícase que é criterio da Comisión de Valoración, empezar a valorar este apartado cando o deportista mantén unha traxectoria mínima de tres anos.

Non obstante, as suxestións presentadas serán trasladadas ao Servizo de Deportes para o seu correspondente estudo.

En consecuencia, e unha vez revisados os méritos aportados polo alegante, a Comisión de Valoración reafirmase e ratifica a proposta de subvención realizada na proposta provisional de resolución do concurso de referencia.

3º) Inadmitir a trámite as seguintes solicitudes por non cumprir o requisito establecido na base segunda da convocatoria que establece que poderán ser beneficiarios das subvencións obxecto destas bases as persoas físicas nadas no ano 2011 ou anos anteriores:

González Vázquez Sofía	55475334R	Taekwondo
Santalices Suárez, Emma	49710818K	Taekwondo
López Fernández, Valeria	35636929Q	Taekwondo

4º) Excluir da valoración, as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

- Diego Negreira López (tenis): Por non posuír resultados individuais, tratándose esta convocatoria dun procedemento de concorrencia competitiva, de axudas a deportistas ourensáns cualificados en modalidades deportivas individuais.
- Manuel Pérez Arias (lightcontact): por non posuír, nesta disciplina, ficha federativa por algún club deportivo da provincia de Ourense durante a temporada 2021-2022.

5º) Denegar subvención ás seguintes solicitudes, por non acadar a puntuación mínima establecida pola Comisión de Valoración:

Montes González, Andrea	Halterofilia
Gómez Cid, Miguel	Halterofilia

Couxil Gómez, Zaira	Ximnasia-Trampolín
Penedo González, Yeray	Tiro Olímpico
Rodríguez Augusto, Daniela	Ximnasia-Trampolín
Celis López, Benjamín	Ximnasia-Trampolín
Borrajo Alonso, Rafael	Grecorromana
Ezquerro Fernández, Sara	Bádminton
Nóvoa Sánchez, Ana	Tenis
Babarro González, Alicia	Breaking
Grediaga Seara, Alexandre	Grecorromana
Castro Grediaga, Candela	Loita Feminina
Chao López, Lucas	Piragüismo
Aller Pfirter, Mailén	Orientación
Celis López, Patrik	Ximnasia Rítmica
Bock Vázquez, Carlota	Escalada
Civeira Corral, Raul	Natación
Crespo Pérez, Joel	Grecorromana
Teixeira Fernández, Diego	Motociclismo
Freixedo González, Roi.	Tiro Olímpico
González López, Mateo	Atletismo
Pacios Iglesias, Iván	Escalada
Martínez Tamayo, Jhon Anderson	Billar
Arias Blanco, Inés	Piragüismo
Gayoso Vázquez, Miguel	Autocros
Barja Pérez, Lucas	Orientación
González Pampín, Santiago	Escalada
González Iglesias, Fabio Antonio	Carreiras por Montaña
Manrique García, Daniel	Tenis de mesa
Czarnecki Pérez, Artai	Grecorromana
Núñez Moldes, Daniel	Piragüismo
Pérez Blanco, Xosé	Triatlón

Portela Barreiro, Martín	Motociclismo
Gayoso Vázquez, Daniel	Autocros
Silva Cid, Tamara	Judo-Jiu Jitsu
Manrique García, Daniel	Xadrez
Santalices de la Escosura González, Luis Telmo	Tenis
Estévez Conde, Josefa	Tiro Olímpico
Cobelas Álvarez, Álvaro	Triatlón
Valverde Díaz, Laura	Bádminton
Bock Vázquez, Alejandra	Escalada

6º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, aos seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	MODALIDADE	TOTAL PUNTOS	CONTÍA €
Prada Pérez, Adrián	Piragüismo-Kayak	774	1500
Rodríguez León, Jesús	Piragüismo-Augas Bravas	726	1500
Fernández Enríquez, Ignacio	Parabádminton	628	1500
González Díaz, Marcos	Piragüismo-Augas bravas	597	1500
García Rodríguez, Ainhoa	Taekwondo	579	1500
Pereira Rubín, Blanca	Atletismo	577	1500
Puente-Dodd Álvarez, Noa	Ximnasia-Trampolín	541	1500
Davite Aguiar, David	Tiro Olímpico-Recorridos	539	1500
Docampo Gamarra. Inés	Atletismo	476	1500
Rodríguez Rodríguez, Saul	Ximnasia-Trampolín	461	900
Rodríguez Cancio, Marta	Ximnasia-Trampolín	407	900
Castaño Garrido, Pedro	Ximnasia-Trampolín	385	900
Nóvoa Sánchez, Ana	Bádminton	366	900
Darío Ramírez Alzate, Iván	Halterofilia	365	900
Ferreiro Domínguez, María	Taekwondo	358	900
Fernández Castañón, Miguel	Piragüismo-Maratón	339	900

Romero Saco, Uxía	Halterofilia	337	900
Fernández Justo, Paula	Tiro Olímpico-Precisión	328	900
Feijóo Gómez, Eva	Salvamento e Socorrismo	287	900
Caparrós Diéguez, Gonzalo	Loita	285	900
Rodríguez Pérez, Mateo	Ximnasia-Trampolín	279	700
González Rizo, Daniel	Aeronautica-Parapente	255	700
Imray Carrasco, Daniel George	Ximnasia-Trampolín	231	700
Blanco Cidon, Claudia	Ximnasia-Trampolín	217	700
García Vázquez, Alejandro	Ciclismo	215	700
Miguez Escudero, Manuel	Boxeo	199	700
Rodríguez Pérez, Hugo	Ximnasia-Trampolín	199	700
Rodríguez Vega, Saúl	Piragüismo-Augas Bravas	198	700
Penedo González, Yeray	Tiro Olímpico-Precisión	195	700
Gago Troitiño, Ezequiel	Judo D.A.-Wushu	183	700
Rodríguez Fernández, Antía	Taekwondo	164	700
Ruiz Paz, Sergio	Piragüismo-Augas Bravas	163	700
González Novoa, María	Taekwondo-Combate	162	700
Pérez Arias, Manuel	Boxeo	160	500
Borrajo Alonso, Rafael	Loita	160	500
Feijóo Gómez, Eva	Natación	156	500
Alava Montenegro, Javier	Badminton-dobles	150	500
Dae In Mateo Álvarez, Roi	Kickboxing	150	500
Gago Troitiño, Agar	Judo D.A.-Wushu	143	500
Grediaga Seara, Carlos	Loita	138	500
Quiroga Ramos, Yago	Natación	137	500
Bravo González, Raquel	Loita	133	500
Touza Meiriño, Paula	Ximnasia-Trampolín	130	500
Maya Tabarés, Hugo	Taekwondo	107	500
Castro Grediaga, Candela	Loita	105	500

7º) Proceder á publicación do pertinente acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense, para coñecemento e efectos oportunos.

4º.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA PROXECTOS DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ATENCIÓN A PERSOAS CON ENFERMIDADES CRÓNICAS E PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA O AÑO 2024.- De conformidade coa proposta favorable da

Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Desestimar as alegacións que se citan no cadro seguinte, por non acreditarse domicilio social, recollido nos estatutos da entidade - á data de finalización da solicitude de subvención-, na provincia de Ourense e, por iso, non apreciarse motivación para variar a proposta provisional, sempre atendendo ao requisito esixido na base segunda da convocatoria: *“En todo caso, todas as entidades presentadoras de solicitudes terán que cumprir os seguintes requisitos(...): Ter o domicilio na provincia de Ourense, o que deberá constar nos estatutos da entidade”*.

	CIF	ENTIDADE SOCIAL	PROXECTO/ACTUACIÓN SOLICITADO	DATA
1	G94123064	ASOCIACIÓN DE XORDOS DE GALICIA-XOGA	Sigan en social	26/06/2024
2	G15220577	ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA	SAIP_Ourense 2024. Servicio de Atención e Información da provincia de Ourense	05/07/2024

Segundo.- Non admitir a trámite de valoración as solicitudes presentadas polas seguintes entidades e polas causas especificadas a continuación:

	CIF	ENTIDADE SOCIAL	MOTIVO
1	G32490278	ASOCIACIÓN POR ELES TEA	Incumprimento base décimo sexta das bases reguladoras da convocatoria
2	G15220577	ASOCIACIÓN GALEGA DE HEMOFILIA	Incumprimento base segunda das bases reguladoras da convocatoria, respecto a sede social en Ourense
3	G32249484	ASOCIACIÓN AUTISMO OURENSE	Incumprimento base décimo sexta de las bases reguladoras de la convocatoria
4	G32144669	ASOCIACIÓN AIXIÑA	Incumprimento base décimo sexta de las bases reguladoras de la convocatoria

5	G32311870	DOWN OURENSE	Incumprimento base décimo sexta de las bases reguladoras de la convocatoria
6	G32228124	FUNDACIÓN PARA A PROTECCIÓN DOS DISCAPACITADOS PSÍQUICOS DA COMARCA DE VERÍN	Incumprimento base décimo sexta de las bases reguladoras de la convocatoria
7	G32230591	FUNDACIÓN PARA A PROTECCIÓN DISCAPACITADOS PSÍQUICOS TERRA DE CELANOVA	Incumprimento base décimo sexta de las bases reguladoras de la convocatoria
8	G70394374	FUNDACIÓN INGADA	Incumprimento base segunda das bases reguladoras da convocatoria, respecto a sede social en Ourense
9	G32011041	ALCER OURENSE	Incumprimento base décimo sexta de las bases reguladoras de la convocatoria
10	G94123064	ASOCIACIÓN DE XORDOS DE GALICIA-XOGA	Incumprimento base segunda das bases reguladoras da convocatoria, respecto a sede social en Ourense
11	G32209983	ASOCIACIÓN OURENSANA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE, ELA, PARKINSON	Incumprimento base décimo sexta de las bases reguladoras de la convocatoria
12	G36620037	FADEMGA	Incumprimento base segunda das bases reguladoras da convocatoria, respecto a sede social en Ourense
13	G32104564	ASOCIACIÓN RABO DE GALO	Incumprimento base segunda das bases reguladoras da convocatoria, respecto dos obxectivos da entidade.
14	G36925691	ASOCIACIÓN GALEGA CONTRA AS ENFERMIDADES NEUROMUSCULARES	Presentación fóra de prazo

Terceiro.- Unha vez realizada a valoración dos proxectos e atribuíndolles as puntuacións correspondentes de acordo aos criterios fixados, relaciónanse os proxectos presentados, xunto coa puntuación obtida na fase de valoración e a contía de subvención que lles corresponde segundo a devandita puntuación.

	CIF	ENTIDADE SOCIAL	PROXECTO/ACTUACIÓN SOLICITADO	Pto.	CONTÍA CONCEDIDA
1	G32338725	ACCU Ourense - ASOCIACIÓN DE CROHN E COLITE ULCEROSAS DE OURENSE	Servizo de atención integral, promoción da autonomía persoal e inclusión social das persoas con enfermidades inflamatorias intestinais	60	2.500,00 €
2	G32472763	FUNDACIÓN NEUROBURGAS DANO NEUROLÓXICO	Rehabilitación das persoas con dano neurolóxico no entorno natural	67	7.842,00 €
3	G32303802	ASOCIACIÓN DE FIBROMIALXIA, SÍNDROME DE FATIGA CRÓNICA E SENSIBILIDADE QUÍMICA	Atención psicosocial e rehabilitadora a persoas con fibromialxia e síndrome de fatiga crónica e aos seus familiares	45	3.000,00 €

		MÚLTIPLE OURENSE-AFFOU			
4	G32187049	ASOCIACIÓN DE FAMILIARES Y ENFERMOS MENTALES MOREA	Vivir Mellor	67	11.500,00 €
5	G321122384	CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL PORTAS ABERTAS	Benestar no rural	78	9.685,65 €
6	G32291924	ASOCIACIÓN RURAL SAN ADRIAN DE SOLVEIRA	Envelhecimento saudable no rural	45	6.000,00 €
7	G36504207	ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA RECUPERACIÓN E ESTUDIO TERAPÉUTICO DA ESPECIE ASNAL (ANDREA)	Programa terapéutico de estimulación multinacional asistido con animais para persoas en desvantaxe física, psíquica e/ou social	71	15.000,00 €
8	G32444119	ASOCIACIÓN TRASCOS	Promoción da autonomía persoal, familiar e social en persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA)	70	14.000,00 €
9	G36479103	ASOCIACIÓN GALEGA LINFEDEMA AGL	Programa de fisioterapia para persoas con linfedema e lipedema Ourense	57	2.000,00 €
10	G32122376	CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL " O VISO"	Proxecto integral de intervención comunitaria na comarca da Limia servizos de proximidade	85	15.000,00 €
11	G28767317	FUNDACIÓN RENAL ÍÑIGO ÁLVAREZ DE TOLEDO	Prestación de Servizos de atención psicolóxica e social ao paciente renal en tratamento de hemodiálise	68	11.500,00 €
12	G56817968	ASOCIACIÓN TRANQUILAMENTE ESPECIALISTA EN SAÚDE MENTAL	Programa de desenvolvemento de habilidades de afrontamento da ansiedade e a depresión para persoas con enfermidade mental crónica	62	11.500,00 €
13	G15545353	FEAFES Galicia	Inserción laboral e apoio no emprego para persoas cun problema de saúde mental	64	11.500,00 €
14	G32290546	ASOCIACIÓN DIABÉTICA AURIA	Proxecto de Prevención e abordaxe de complicacións derivadas en enfermidades crónicas veciñanza saudable	49	6.566,08 €
15	G32407744	ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA COMARCA DA LIMIA "ALGARIA"	Ponte a funcionar V: Programa de rehabilitación e recuperación funcional	60	3.100,00 €
16	G32306623	ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO DE OURENSE	Consolidación do modelo integral de atención ao Dano Cerebral Adquirido	71	15.000,00 €
17	G32302671	ASOCIACIÓN LIMISI	Apóiate na Limia. Apoio psicolóxico e emocional as persoas con diversidade funcional da Limia	69	11.500,00 €
18	G15088396	ASOCIACIÓN GALEGA DE FIBROSE QUÍSTICA	Programa de atención integral en persoas con fibrose quística de Ourense	47	5.500,00 €
19	G32348401	ASOCIACIÓN ASDIFICA	Atención as persoas con discapacidade, Rehabilitación, psicoloxía e logopedia	68	9.607,04 €

20	G28197564	ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO OURENSE	Proxecto de axudas de emerxencia social para pacientes oncolóxicos e familiares en situación de vulnerabilidade social da provincia de Ourense	80	15.000,00 €
21	G32204703	ASFAVAL	Formación "Saúde mental e discapacidade" para familias e profesionais	45	6.000,00 €
22	G32117879	FEDERACIÓN Provincial de asociacións de discapacitados FÍSICOS de Ourense Discafis-Cogami	Proxecto de atención integral a persoas con discapacidade da provincia de Ourense	72	6.248,00 €
					199.548,77 €

Cuarto.- Proceder á publicación do pertinente acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense, para coñecemento e efectos oportunos.

5º.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA PROXECTOS DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE PARA O ANO 2024.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno,

por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Non admitir a trámite de valoración as solicitudes presentadas polas seguintes entidades e polas causas especificadas a continuación:

	CIF	ENTIDADE SOCIAL	MOTIVO
1	G32122384	CDR PORTAS ABERTAS	Incompatibilidade coa subvención concedida na convocatoria para a atención a persoas con enfermidades crónicas, persoas con discapacidade ou familiares de persoas con enfermidades crónicas ou persoas con discapacidades para o ano 2024.

Segundo.- Unha vez realizada a valoración dos proxectos e atribuíndolles as puntuacións correspondentes de acordo aos criterios fixados, relaciónanse os proxectos presentados, xunto coa puntuación obtida na fase de valoración e a contía de subvención que lles corresponde segundo a devandita puntuación.

	CIF	ENTIDADE SOCIAL	PROXECTO/ACTUACIÓN SOLICITADO	PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
1	R3200098F	CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE	Apoio integral e axudas de emerxencia social a mulleres en situación de especial vulnerabilidade social 2024	88	14000,00

2	G24452435	FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	Proxecto Teranga Emancipación . Atención a persoas e/ou familias migrantes	84	14000,00
3	G32394082	REDMADRE OURENSE	Proxecto Anxela	84	14000,00
4	G32334989	ASOCIACIÓN VECIÑAL AS TERMAS	Preto de ti	49	1050,00
5	G32010449	CIMO ENTIDADE PRESTADORA DE SERVICIOS	Proxecto Atenea	64	5235,00
6	G32383549	ASOCIACIÓN PARA A PREVENCIÓN E A EDUCACIÓN SOCIAL (APES)	Proxecto dende fora para o acompañamento de mulleres reclusas e en semiliberdade	61	5235,00
7	G32237869	FEDERACIÓN PROVINCIAL DE MULLERES RURAIS DE OURENSE (FEMURO)	Femuro solidaria: Programa de atención urxente destinado a mulleres inmigrantes e/ou xitanas en situación de vulnerabilidade	79	5235,00
8	G83117374	FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO	Programa Calí, pola promoción persoal e socio laboral das mulleres xitanas en situación de maior vulnerabilidade	45	2000,00
9	G32477127	ASOCIACIÓN PARTICIPACIÓN	Proxecto Morgana	52	2000,00
10	G32426025	ASOCIACIÓN DE MULLERES ESCOLA RURAL DE SAÚDE DA LIMIA	Mulleres Crecentes	72	5235,00
11	G70377585	VALORESC INNOVATION	A tribu de Malala.	84	14000,00
12	G32408023	AGRUPACIÓN AAVV DO RURAL E PERIFERIA "MIÑO"	Programa para a inclusión social na perifiría e perímetro rural fronte a fenda dixital e de xénero	47	2000,00
13	G84913946	FUNDACIÓN DE SOLIDARIDADE AMARANTA	Acollida residencia e apoio á incorporación social de mulleres en contexto de prostitución e/ou vítimas de trata con fins de explotación sexual	84	14000,00
14	F32479040	XERACIÓN S.COOP.GALEGA	Social rural Truck	48	2000,00
					99.990,00 €

Terceiro.- Proceder á publicación do pertinente acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense, para coñecemento e efectos oportunos.

6º.- FIXACIÓN E CONCESIÓN DE BONIFICACIÓNS A ENTIDADES POLO USO DAS INSTALACIÓNS DO PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ”, DURANTE A

TEMPADA 2023-2024.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Fixar a porcentaxe das bonificacións e concesión das mesmas, polo uso das instalacións deportivas do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, durante a tempada 2023-2024, ás entidades solicitantes, de conformidade coas Bases reguladoras publicadas no BOP nº 83 de data 29 de abril de 2024, consonte o reflectido a continuación:

**BONIFICACIÓNS SOBRE COTAS DO PREZO PÚBLICO POLO USO DAS
INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ”.
TEMPADA DEPORTIVA 2023-2024**

A) SOLICITUDES ADMITIDAS PARA O PROCESO DE VALORACIÓN:

Dunha parte e de conformidade co establecido na Base 4ª das Bases reguladoras, as entidades que fixeron un uso continuado dos distintos espazos da instalación, durante a tempada deportiva 2023-2024, formularon as seguintes solicitudes en tempo e forma:

- **ACADEMIA SAN MAMED OURENSE TENIS DE MESA**
- **CLUBE MARUSIA OURENSE**
- **CLUBE SALA OURENSE 2014**
- **CLUBE BALONCESTO VALENZÁ**
- **CLUBE ESCOLA XIMNASIA BURGAS**
- **OURENSE CLUB DE FÚTBOL S.A.D**
- **CLUBE VOLEIBOL OURENSE**
- **CIDADE DAS BURGAS FÚTBOL SALA**
- **ESCOLA DEPORTIVA OURENSE BLANCO AMOR**
- **ACADEMIA FUTSAL OURENSE**
- **IMPRENTA CLUB BALONCESTO**
- Dunha parte e de conformidade co establecido na Base 4ª das Bases reguladoras, as entidades que se relacionan a continuación, formularon solicitude de bonificación, en tempo e forma, para actividades puntuais:
 - **SPECIAL OLYMPICS GALICIA**
“28º Xogos Autonómicos de Fútbol Sala, Trofeo Carlos Outeiriño” 22/10/23 nas instalacións do Pazo dos Deportes “Paco Paz”.
 - **CLUBE MARUSIA OURENSE**

“III Copa Auria de Ximnasia Rítmica”

“XII Torneo Internacional Ourense A Provincia Termal”

- **GRUPO IGNACIO DE LAS CUEVAS S.A.**

“Festa Infantil de Nadal”

- **CENTRO COMERCIAL ABERTO OURENSE CENTRO**

“Brinco Brinca Landia”

- **DAHIRA IKHSAN**

“Nacimiento del profeta Mohamed”.

- Doutra banda e de conformidade co establecido na Base 4ª das Bases reguladoras, as entidades que se relacionan a continuación, formularon solicitude de bonificación, en tempo e forma, para actividades extraordinarias levadas a cabo en virtude de convenio asinado coas mesmas:

- **ASOCIACIÓN AIXIÑA**

Hidroterapia na zona de aguas do Pazo dos Deportes “Paco Paz”.

- **FOGARES E APOIO AO MENOR LAR**

Escolas Deportivas de Fútbol Sala e Baile.

Ximnasio e Clases Dirixidas.

- **ASOCIACIÓN DIABÉTICA AURIA**

Educación Física adaptada para persoas con diabetes.

- **ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER-OURENSE**

Clases Dirixidas de Ioga e Pilates.

- **ASOCIACIÓN PARA LA GESTIÓN DE LA INTEGRACIÓN SOCIAL (GINSO)**

Ximnasio e Clases Dirixidas.

- **ASOCIACIÓN ASPANAS**

Hidroterapia na zona de aguas do Pazo dos Deportes “Paco Paz”.

B) PROCESO DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES ADMITIDAS:

Tendo en conta os seguintes criterios de valoración recollidos na base sexta das Bases reguladoras para as actividades de uso continuado durante toda a tempada deportiva:

- 1) Número total de deportistas e de equipos da entidade na súa modalidade deportiva.

Outorgarase unha maior puntuación canto maior sexa a presenza de equipos e

deportistas de base, de mulleres e de persoas con diversidade funcional.(de 0 a 20 puntos). Entenderase por deportistas de base os comprendidos entre os 4 e os 18 anos.

- 2) Nivel da competición dos equipos da entidade, expresando o ámbito xeográfico onde se desenvolve. Outorgarase unha maior puntuación canto máis importante sexa a competición na que participe (de 0 a 15 puntos).
- 3) Condicionantes económicos da entidade provenientes da análise da última liquidación oficial de gastos e ingresos da mesma, dando maior puntuación canto máis contribución exista de fondos propios e axudas privadas (de 0 a 10 puntos).
- 4) Outras especiais circunstancias, razoadas de maneira motivada, que redunden en beneficio do Pazo dos Deportes e dos seus usuarios. (de 0 a 10 puntos).

Examinadas con detalle as solicitudes presentadas e logo da aplicación dos criterios de valoración reflectidos, resulta a seguinte valoración para cada unha das entidades solicitantes:

USO CONTINUADO					
ENTIDAD	CONDICIONANTES ECONÓMICOS DA ENTIDADE	NIVEL DE COMPETICIÓN DA ENTIDADE	NÚMERO TOTAL DE DEPORTISTAS DA ENTIDADE	OUTRAS CIRCUNSTANCIAS	TOTAL PUNTOS
ACADEMIA SAN MAMED TENIS DE MESA	9	9	11	10 Pazoescola	39
CLUBE MARUSIA OURENSE	9	12	16	---	37
CLUBE SALA OURENSE 2014	8	13	15	---	36
CLUBE BALONCESTO VALENZÁ	10	8	10	8 Antigüidade na instalación	36
CLUBE ESCOLA XIMNASIA BURGAS	7	11	14	10 Pazoescola	42
OURENSE C.F. SAD	8	15	20	---	43
CLUBE VOLEIBOL OURENSE	6	14	19	---	39

CIDADE DAS BURGAS FÚTNOL SALA	6	12	13	10 Pazoescola	41
E.D. OURENSE BLANCO AMOR	7	11	18		36
ACADEMIA FUTSAL OURENSE	8	11	17		36
IMPRENTA CLUB BALONCESTO	10	8	10	8 Antigüidade na instalación	36

Tendo en conta os seguintes criterios de valoración recollidos na base sexta das Bases reguladoras para as actividades de uso puntual ou extraordinario:

- 1) Número total de participantes, público asistente, breve xustificación do interese público, social, sociosanitario, cultural ou deportivo da actividade, así como a idoneidade e especial consideración a tal fin, do Pazo dos Deportes, dando máis puntos canto máis participantes, público e adecuada sexa a instalación para a actividade de que se trate (de 0 a 20 puntos).
- 2) Actividades destinadas a colectivos de especial protección, respecto os que debemos contribuir a súa inclusión social, atendendo as súas necesidades específicas, contribuíndo con elo o seu benestar físico, emocional e social. (de 0 a 20 puntos).
- 3) Condicionantes económicos da entidade provenientes da análise do orzamento da actividade para a que se solicita a bonificación, dando maior puntuación canto máis contribución exista de fondos propios e axudas privadas (de 0 a 10 puntos).
- 4) Outras especiais circunstancias, razoadas de maneira motivada, que redunden en beneficio do Pazo dos Deportes e dos seus usuarios (de 0 a 5 puntos).

USO PUNTUAL OU EXTRAORDINARIO					
ENTIDAD	CONDICIONANTES ECONÓMICOS	PARTICIPANTES, PÚBLICO E IDONEIDADE DA INSTALACIÓN	COLECTIVOS DE ESPECIAL PROTECCIÓN	OUTRAS CIRCUNSTANCIAS	TOTAL PUNTOS
SPECIAL OLYMPICS GALICIA	5	20	20	----	45
ASOCIACIÓN AIXIÑA	8	10	20	----	38

HIDROTERAPIA					
FOGARES E APOIO AO MENOR LAR	8	10	20	----	38
ASOCIACIÓN DIABÉTICA AURIA	8	10	20	----	38
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER OURENSE	8	10	20	----	38
ASOCIACIÓN PARA LA GESTIÓN DE LA INTEGRACIÓN SOCIAL (GINSO)	8	10	20	----	38
ASOCIACIÓN ASPANAS	8	10	20	----	38
CLUBE MARUSIA OURENSE	9	18		10 Torneos de repercusión nacional e internacional	37
CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE	8	10	20	----	38
GRUPO IGNACIO DE LAS CUEVAS S.A.	10	20		6 Evento de ocio e tempo libre destinado á poboación infantil	36
CENTRO COMERCIAL ABERTO OURENSE CENTRO	10	20		8 Evento de ocio e tempo libre destinado á poboación infantil	38
DAHIRA IKHSAN	---	10	20	6 Evento comunidade relixiosa	36

A) APLICACIÓN DAS PORCENTAXES DE BONIFICACIÓN:

- 5) Unha vez coñecida a puntuación que obtén cada entidade solicitante, procede aplicar a porcentaxe de bonificación sobre a cota do prezo público, segundo o previsto na Base 7ª das Bases reguladoras:
- De 36 a 55 puntos: 100% de bonificación
 - De 25 a 35 puntos: 90% de bonificación
 - De 20 a 24 puntos: 75% de bonificación
 - De 15 a 19 puntos: 60% de bonificación

- De 10 a 14 puntos: 45% de bonificación
- De 6 a 9 puntos: 30% de bonificación
- De 3 a 5 puntos: 20% de bonificación
- Menos de 3 puntos: 0% de bonificación

6) Polo exposto no párrafo anterior, procede a concesión dos seguintes porcentaxes de bonificacións sobre a cota do prezo público polo uso continuado, puntual e extraordinario das instalacións deportivas do Pazo dos Deportes “Paco Paz” de conformidade co reflectido no seguinte cadro:

ENTIDADE	PUNTOS	PORCENTAXE
ACADEMIA SAN MAMED TENIS DE MESA	39	100% de bonificación
CLUBE MARUSIA OURENSE	37	100% de bonificación
CLUBE SALA OURENSE 2014	36	100% de bonificación
CLUBE BALONCESTO VALENZÁ	36	100% de bonificación
CLUBE ESCOLA XIMNASIA BURGAS	42	100% de bonificación
OURENSE C.F. SAD	43	100% de bonificación
CLUBE VOLEIBOL OURENSE	39	100% de bonificación
CIDADE DAS BURGAS FÚTBOL SALA	41	100% de bonificación
E.D. OURENSE BLANCO	36	100% de bonificación

AMOR		
ACADEMIA FUTSAL OURENSE	36	100% de bonificación
IMPRENTA CLUB BALONCESTO	36	100% de bonificación
SPECIAL OLYMPICS GALICIA	45	100% de bonificación
ASOCIACIÓN AIXIÑA	38	100% de bonificación
FOGARES E APOIO AO MENOR LAR	38	100% de bonificación
ASOCIACIÓN DIABÉTICA AURIA	38	100% de bonificación
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER OURENSE	38	100% de bonificación
ASOCIACIÓN PARA LA GESTIÓN DE LA INTEGRACIÓN SOCIAL (GINSO)	38	100% de bonificación
ASOCIACIÓN ASPANAS	38	100% de bonificación
CLUBE MARUSIA OURENSE	37	100% de bonificación
CÁRITAS DIOCESANA DE OURENSE	38	100% de bonificación
GRUPO IGNACIO DE LAS CUEVAS S.A.	36	100% de bonificación
CENTRO COMERCIAL ABERTO OURENSE CENTRO	38	100% de bonificación
DAHIRA IKHSAN	36	100% de bonificación

--	--	--

SEGUNDO: Así mesmo, aqueles eventos patrocinados ou subvencionados pola Deputación Provincial de Ourense e as competicións de COPA DEPUTACIÓN nas distintas modalidades deportivas celebradas polas Federacións ou entidades deportivas; que teñan lugar nas instalacións deportivas do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, serán obxecto dunha porcentaxe de bonificación do 100%.

TERCEIRO: Publicar este acordo de fixación e concesión de bonificacións a entidades polo uso durante a tempada 2023-2024, das instalacións do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Pazo dos Deportes, www.pazopacopaz.es, e na sede electrónica de Deputación de Ourense <http://www.sede.depourense.es>

7º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 (PLAN INICIAL) EN RELACIÓN CON ACTUACIÓN NO CONCELLO DE MUÍÑOS.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo: Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Muíños, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial:

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Programa de empregabilidade (gastos persoal)	49.552,76	49.552,76	0,00
Programa actuación de limpeza nas marxes das redes municipais	5.000,00	5.000,00	0,00
Conservación e mellora de infraestruturas municipais e demais servizos obrigatorios	17.951,62	17.951,62	0,00

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial:

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
--------------	-------------------	---------------------	--------------------

Programa de empregabilidade (gastos persoal)	37.089,47	37.089,47	0,00
Conservación e mellora de infraestruturas municipais e demais servizos obrigatorios	35.414,91	35.414,91	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

8º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 (PLAN INICIAL) EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO TOÉN.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Toén, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
“Novo campo de fútbol de herba artificial”	29.256,00	29.256,00	0,00

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
“Mellora de camiños no núcleo rural de Xestosa”	29.256,00	29.256,00	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

9º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 (PLAN INICIAL) EN RELACIÓN

CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE VERÍN.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Verín, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Vía de acceso ao Polígono Industrial. Tramo rotonda – Camiño de Queizás	85.635,41	85.635,41	0,00

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Rehabilitación de Firme Calle Acceso a polígono de Pazos. (Tramo Camiño de Queizás – Ponte Queizás)	85.000,00	85.000,00	213,38

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

10º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 (PLAN INICIAL) EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE VIANA DO BOLO.- De conformidade coa

proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

